



## (\*)Facultade de Filoloxía e Tradución

(\*)

(\*)

Horarios

### Horarios

(\*)

[http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com\\_rokdownloads&view=folder&Itemid=74](http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=74)

## (\*)Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios

### Subjects

#### Year 1st

Code	Name	Quadmester	Total Cr.
V01G400V01101		1st	6
V01G400V01102		1st	6
V01G400V01103		1st	6
V01G400V01104		1st	6
V01G400V01105		1st	6
V01G400V01201		2nd	6
V01G400V01202		2nd	6
V01G400V01203	Literature: Literature theory	2nd	6
V01G400V01204		2nd	6
V01G400V01205		2nd	6

**IDENTIFYING DATA****Lingua: Fundamentos gramaticais do galego e do español I**

Subject	Lingua: Fundamentos gramaticais do galego e do español I			
Code	V01G400V01101			
Study programme	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Basic education	1	1c
Teaching language	Galego			
Department	Lingua española			
Coordinator	Sueiro Justel, Joaquín			
Lecturers	Sueiro Justel, Joaquín			
E-mail	jsueiro@uvigo.es			
Web				
General description	Primeira materia do grao que estuda a gramática do galego e do español. Preséntase unha introdución aos fundamentos das gramáticas e a identificación das unidades e relacións gramaticais.			

**Competencias de titulación**

Code	
A1	Perfecto dominio instrumental das linguas galega, española e portuguesa.
A2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
A5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
A8	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da lingüística.
A11	Coñecemento da evolución histórica interna e externa do español.
A12	Coñecemento da evolución histórica interna e externa do galego.
A14	Coñecemento teóricos e metodolóxicos para o ensino da lingua materna.
B1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
B2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
B3	Capacidade de xerar novas ideas.
B4	Capacidade de xestionar a información.
B6	Habilidade para traballar de forma autónoma.
B8	Capacidade de análise e síntese.
B9	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
B12	Capacidade para localizar, manexar e aproveitar a información contida en bases de datos e outros instrumentos informáticos e internet.
B13	Capacidade para avaliar criticamente a bibliografía consultada e para encadrala nunha perspectiva teórica.

**Competencias de materia**

Expected results from this subject	Training and Learning Results	
Coñecemento dos diferentes tipos de gramáticas das linguas galega e española.	A1	B1
	A2	B2
Perfecto dominio instrumental das linguas española e galega.	A5	B3
	A8	B4
Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística	A11	B6
	A12	B8
Capacidade de análise e comentario das ideas lingüísticas presentes nas gramáticas	A14	B9
		B12
Perfecto dominio dos criterios de identificación e análise das diferentes unidades lingüísticas e as súas relacións		B13

**Contidos**

Topic	
1. A Gramática	1.1. Concepto de Gramática 1.2. A Gramática fronte a outras disciplinas 1.3. Tipos de gramáticas 1.4. Principais textos gramaticais do galego e do español 1.5. Partes dunha Gramática: discusión, delimitación e caracterización

2. Funcións, categorías e relacións.	2.1. Definición, delimitación e caracterización. 2.2. Tipoloxía de funcións, categorías e relacións.
3. Introducción á análise gramatical	3.1 Identificación de funcións, categorías e relacións en diferentes tipos de discurso 3.2 Presentación e práctica da análise sintáctica

### Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Sesión maxistral	22	44	66
Resolución de problemas e/ou exercicios	10	10	20
Traballos de aula	10	20	30
Actividades introductorias	2	0	2
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	4	8	12
Traballos e proxectos	4	16	20

\*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

### Metodoloxía docente

	Description
Sesión maxistral	Exposición dentro da aula dos conceptos gramaticais, presentación das gramáticas e dos métodos de análise gramatical máis significativos. O profesor explicará os contidos esenciais de cada un dos temas, aclarando os conceptos-clave da materia e orientando ao alumnado nas lecturas obrigatorias relacionadas con cada tema. É moi recomendable ter traballadas estas lecturas previamente. No caso do réxime semipresencial, o alumnado disporá na plataforma de ensino virtual Fatic dos materiais necesarios para avanzar en cada unidade temática.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proposta e resolución na aula de exercicios e comentarios de textos relacionados cos diferentes apartados do programa. No caso do réxime semipresencial, o alumnado disporá na plataforma de ensino virtual Fatic dos materiais necesarios para avanzar en cada unidade temática.
Traballos de aula	Realización, na aula e fóra, de traballos relacionados con algún apartado do programa. Un deles será exposto diante dos compañeiros. No caso do réxime semipresencial, o alumnado disporá na plataforma de ensino virtual Fatic dos materiais necesarios para avanzar. Sería moi desexable a defensa presencial do seu traballo.
Actividades introductorias	Presentación da materia: programa, metodoloxía docente, contidos, sistemas de titoría e atención personalizada e sistema de avaliación, así como da bibliografía e lecturas obrigatorias e recomendadas. No caso do réxime semipresencial, cóntase coa pesenza na aula do alumnado.

### Atención personalizada

Methodologies	Description
Actividades introductorias	O docente atenderá na aula ou nas titorías os problemas que os estudantes teñan en relación cos problemas e exercicios propostos. Esta atención realizarase individualmente ou en pequenos grupos co fin de reforzar a aprendizaxe naquelas cuestións que resulten problemáticas. Asemade, atenderase telematicamente a todo o alumnado, prioritariamente aos que poidan acollerse ao réxime de semipresencialidade
Traballos de aula	O docente atenderá na aula ou nas titorías os problemas que os estudantes teñan en relación cos problemas e exercicios propostos. Esta atención realizarase individualmente ou en pequenos grupos co fin de reforzar a aprendizaxe naquelas cuestións que resulten problemáticas. Asemade, atenderase telematicamente a todo o alumnado, prioritariamente aos que poidan acollerse ao réxime de semipresencialidade
Tests	Description
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	O docente atenderá na aula ou nas titorías os problemas que os estudantes teñan en relación cos problemas e exercicios propostos. Esta atención realizarase individualmente ou en pequenos grupos co fin de reforzar a aprendizaxe naquelas cuestións que resulten problemáticas. Asemade, atenderase telematicamente a todo o alumnado, prioritariamente aos que poidan acollerse ao réxime de semipresencialidade
Traballos e proxectos	O docente atenderá na aula ou nas titorías os problemas que os estudantes teñan en relación cos problemas e exercicios propostos. Esta atención realizarase individualmente ou en pequenos grupos co fin de reforzar a aprendizaxe naquelas cuestións que resulten problemáticas. Asemade, atenderase telematicamente a todo o alumnado, prioritariamente aos que poidan acollerse ao réxime de semipresencialidade

### Avaliación

Description	Qualification
-------------	---------------

Resolución de problemas e/ou exercicios	Resposta a problemas propostos ou realización de exercicios na aula. No caso do alumnado semipresencial, estes exercicios indicaranse e presentaranse a través da plataforma de teledocencia FaiTIC	5
Traballos de aula	Realización de pequenos traballos, comentarios de textos gramaticais. Tamén se inclúe neste apartado a participación activa na marcha da aula. Os traballos poden realizarse na aula ou fóra. No caso do alumnado semipresencial, estes traballos indicaranse e presentaranse a través da plataforma de teledocencia FaiTIC	5
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	O alumnado respostará a unha proba escrita que contará con cuestións teóricas e prácticas sobre o temario. Terase en conta, na súa avaliación, os contidos e a expresión escrita. O alumnado semipresencial realizará esta proba de xeito presencial.	60
Traballos e proxectos	O alumnado preparará, na aula e fóra, baixo a dirección do docente, un traballo sobre un tema relacionado con algún das epígrafes do programa e presentaráo na aula, valorándose tanto o contido coma a expresión escrita e a presentación oral. No caso do alumnado semipresencial, estes traballos indicaranse e presentaranse a través da plataforma de teledocencia FaiTIC	30

### Other comments on the Evaluation

O exame correspondente á 1ª edición das actas terá lugar o 17 de decembro de 2014. O alumnado que non se acolla á avaliación continua poderá facer este mesmo día un exame final teórico-práctico de toda a materia. A avaliación na 2ª edición das actas (xullo) realizarase a través dun exame na data oficial proposta pola Facultade.

### Bibliografía. Fontes de información

Academia Española de la Lengua, Real, **Nueva Gramática de la Lengua Española: manual**, 2010,

Manuel Casado, **El Castellano actual : usos y normas**, 2012,

Alarcos Llorach, Emilio, **Estudios de gramática funcional del español**, 1980,

Martínez, José A., **Funciones, categorías y transposición**, 1994,

Alarcos Llorach, Emilio, **Gramática de la lengua española**, 1999,

Rojo Sánchez, G. Jiménez Juliá, T., **Fundamentos del análisis sintáctico funcional**, 1989,

Álvarez Blanco, Rosario, **Gramática da lingua galega**, 2002,

Carme Hermida Gulías, **Gramática práctica (morfosintaxe)**, 2004,

Xosé Feixó Cid, **Gramática da lingua galega: síntese práctica**, 2004,

### Recomendacións

#### Subjects that continue the syllabus

Lingua: Fundamentos gramaticais do galego e do español II/V01G400V01202

**IDENTIFYING DATA****Lingüística: Introducción á lingüística aplicada**

Subject	Lingüística: Introdución á lingüística aplicada			
Code	V01G400V01102			
Study programme	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Basic education	1	1c
Teaching language	Galego			
Department	Tradución e lingüística			
Coordinator	Ramallo Fernández, Fernando			
Lecturers	Moralejo Silva, Rubén Ramallo Fernández, Fernando			
E-mail	framallo@uvigo.es			
Web				
General description	Presentación das propostas teóricas, conceptuais e metodolóxicas da lingüística aplicada			

**Competencias de titulación**

Code	
A5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
A8	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da lingüística.
B1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
B6	Habilidade para traballar de forma autónoma.
B7	Capacidade crítica e de autocrítica.
B8	Capacidade de análise e síntese.
B9	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
B10	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.
B12	Capacidade para localizar, manexar e aproveitar a información contida en bases de datos e outros instrumentos informáticos e internet.

**Competencias de materia**

Expected results from this subject	Training and Learning Results	
Coñecer os fundamentos teórico-metodolóxicos da lingüística aplicada	A5 A8	B6 B7
Ser quen de describir problemas nos que a linguaxe e as linguas ocupan un lugar central nas sociedades contemporáneas	A5 A8	B1 B8 B9 B10 B12

**Contidos**

Topic	
1. A lingüística aplicada como ciencia social	1.1 Obxecto de estudo, obxectivos e alcance da lingüística aplicada 1.2 Conceptos básicos 1.3 Lingüística aplicada (crítica), cambio social e desenvolvemento
2. Problemáticas	2.1 Tradución e interpretación 2.2 Alfabetización, linguas e educación 2.3 A comunicación nas organizacións 2.4 Política e planificación lingüística 2.5 Lingüística clínica 2.6 Lingüística forense 2.7 Lexicografía 2.8 Tecnoloxías da linguaxe

**Planificación**

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Sesión maxistral	22	15	37
Resolución de problemas e/ou exercicios	18	0	18

Presentacións/exposicións	4	5	9
Traballos tutelados	4	48	52
Actividades introdutorias	2	0	2
Probas de resposta curta	2	30	32

\*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

### Metodoloxía docente

	Description
Sesión maxistral	O profesor explicará os contidos esenciais de cada un dos temas, aclarando os conceptos-clave da materia e orientando ao alumnado nas lecturas obrigatorias relacionadas con cada tema. É moi recomendable ter traballadas estas lecturas previamente. Para o réxime semipresencial, o alumnado disporá dos materiais necesarios para avanzar en cada unidade temática na plataforma de ensino virtual Faitic, ou no seu caso, o profesor poderá facerllos chegar a través de e-mail.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade práctica na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. Para o réxime semipresencial, o alumnado disporá dos materiais de prácticas na plataforma de ensino virtual Faitic, ou no seu caso, o profesor poderá facerllos chegar a través de e-mail
Presentacións/exposición	Valorarase a calidade da presentación oral, o dominio da expresión e os recursos argumentativos. Para o rexime semipresencial, o alumnado está obrigado a presentarse o día da súa presentación.
Traballos tutelados	Realización dos traballos individuais e/ou colectivos que se propoñan durante o curso.
Actividades introdutorias	Sesión encamiñada a tomar contacto e a reunir información sobre o alumnado, avaliar o punto de partida e presentar a materia. O alumnado semipresencial está obrigado a presentarse a esta sesión

### Atención personalizada

Methodologies	Description
Sesión maxistral	Haberá un seguimento personalizado do traballo en cada unha das metodoloxías docentes previstas, nomeadamente no tocante ao traballo individual e colectivo que ha realizar cada alumno/a. O alumnado semipresencial está debidamente atendido por medio das plataformas de titorías virtuais previstas no grao
Presentacións/exposicións	Haberá un seguimento personalizado do traballo en cada unha das metodoloxías docentes previstas, nomeadamente no tocante ao traballo individual e colectivo que ha realizar cada alumno/a. O alumnado semipresencial está debidamente atendido por medio das plataformas de titorías virtuais previstas no grao
Traballos tutelados	Haberá un seguimento personalizado do traballo en cada unha das metodoloxías docentes previstas, nomeadamente no tocante ao traballo individual e colectivo que ha realizar cada alumno/a. O alumnado semipresencial está debidamente atendido por medio das plataformas de titorías virtuais previstas no grao

### Avaliación

	Description	Qualification
Sesión maxistral	A participación nas clases teóricas, particularmente no espazo reservado para a discusión e o debate serán motivo de avaliación positiva.	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	A avaliación terá en conta a calidade das respostas aos exercicios e problemas propostos	20
Presentacións/exposicións	Prestarase especial atención á calidade da exposición oral, a claridade e o dominio das técnicas argumentativas e a capacidade de persuasión	10
Traballos tutelados	Calidade formal do traballo escrito, orixinalidade e capacidade argumentativa. Valorarase especialmente as reflexións persoais	35
Probas de resposta curta	Valorarase a capacidade de síntese e a precisión na respostas. O alumnado semipresencial está obrigado a realizar estas probas de xeito presencial no día e hora que se fixe.	25

### Other comments on the Evaluation

Contémplanse dúas posibilidades de avaliación: continua e única.

#### Avaliación continua

É a recomendada para todo o alumnado, contempla as actividades que se describen na táboa anterior. Para a avaliación continua é moi recomendable a asistencia a un mínimo do 80% das horas presenciais. No caso do alumnado semipresencial debe asistir á sesión de presentación, a dúas titorías e as probas escritas previstas. No resto, debe realizar e entregar as

tarefas de avaliación indicadas en tempo e forma.

A materia de exame (probas de resposta curta que se realizará na derradeira semana de clase) inclúe, en calquera das modalidades, todas as lecturas consideradas obrigatorias, así coma os contidos teóricos e prácticos. Aquelas persoas que na primeira convocatoria non superen a materia polo sistema da avaliación continua, na convocatoria de xullo deberán presentarse ó exame escrito na data oficial.

### **Avaliación única**

O alumnado que prefira someterse a avaliación única deberá examinarse de todos os contidos da materia nun exame final único que se realizará na derradeira semana de clase. En caso de non superar ese exame terá unha segunda oportunidade da convocatoria de xullo na data establecida oficialmente pola Facultade.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

Cook, Guy (2003). *Applied linguistics*. Oxford: Oxford University Press.

Groom, Nicholas & Littlemore, Jeannette (2011). *Doing applied linguistics. A guide for students*. Abingdon: Routledge.

Lacorte, M. (ed.) (2007). *Lingüística aplicada del español*. Madrid: Arco/Libros

Payrató, Lluís (2003). *De profesión, lingüista. Panorama de la lingüística aplicada*. Barcelona, Ariel, 2ªed.

---

### **Recomendacións**

**IDENTIFYING DATA****Filosofía: Introducción ás ciencias humanas e sociais**

Subject	Filosofía: Introdución ás ciencias humanas e sociais			
Code	V01G400V01103			
Study programme	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Basic education	1	1c
Teaching language				
Department	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinator	Leyte Coello, Arturo Antonio			
Lecturers	Leyte Coello, Arturo Antonio			
E-mail	leyte@uvigo.es			
Web				
General description	Materia introdutoria ás teorías, métodos e conceptos das ciencias humanas e sociais			

**Competencias de titulación**

Code	
A19	Coñecemento das ciencias sociais e humanas.
B8	Capacidade de análise e síntese.

**Competencias de materia**

Expected results from this subject	Training and Learning Results
Coñecer a diferenza teórica e metodolóxica entre procesos de explicación e procesos de comprensión.	A19 B8
Recoñecer a diferenza metodolóxica e de contido entre humanidades e ciencias humanas.	A19
Diferenciar entre verdade histórico-hermenéutica e verdade lóxico-natural.	A19

**Contidos**

Topic	
1. Nocións básicas	1.1 Conceptos científicos. 1.2 Hipóteses e leis científicas. 1.3 Teorías científicas.
2. Lóxica da investigación científica	2.1 A explicación en ciencias da natureza. Modelo nomolóxico-deductivo. Coñecemento causal. 2.2 O coñecemento nas ciencias históricas. Modelo comprensivo-hermenéutico.
3. Explicación nas ciencias humanas e sociais (Psicoloxía y Socioloxía)	3.1 Niveis de información: físico-natural; informacional; semántico. 3.2 Modelos metodolóxicos de caixa-negra (black-box) e caixa translúcida (clean-box). 3.3 Exemplo de explicación en ciencias humanas: o suicidio.
4. A pretensión científica das ciencias humanas	4.1 Teoría da información. 4.2 Teoría de sistemas. 4.3 Cibernética.
5. Modelos metodolóxicos en ciencias humanas e sociais	5.1 Estruturalismo. 5.2 Funcionalismo. 5.3 Condutismo. 5.4 Psicoanálise. 5.5 Hermenéutica.

**Planificación**

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Sesión maxistral	26	36	62
Presentacións/exposicións	16	54	70
Resolución de problemas e/ou exercicios	8	8	16
Probas de tipo test	2	0	2

\*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.



<b>Metodoloxía docente</b>	
	Description
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que ten que desenvolver o alumnado.  No caso do réxime semipresencial, o alumnado disporá dos materiais teóricos na plataforma de ensino virtual Faitic
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado, ante o docente e/ou un grupo de estudantes, dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto etc. Pódese realizar de maneira individual ou en grupo.  Para o alumnado semipresencial as presentacións faranse a través dos dispositivos dispoñibles na plataforma Faitic
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.  Para o réxime semipresencial, o alumnado disporá dos materiais de prácticas na plataforma de ensino virtual Faitic, ou no seu caso, o profesor poderá facerllos chegar a través de e-mail.

<b>Atención personalizada</b>	
Methodologies	Description
Sesión maxistral	Axuda de forma individualizada en todos aqueles procedementos concretos que presenten dificultades. Criticar e corrixir a exposición pública no relativo, sobre todo, a dous aspectos: contido e retórica, remarcando a íntima relación que gardan entre si os contidos informativos e a forma de expor.
Presentacións/exposicións	Axuda de forma individualizada en todos aqueles procedementos concretos que presenten dificultades. Criticar e corrixir a exposición pública no relativo, sobre todo, a dous aspectos: contido e retórica, remarcando a íntima relación que gardan entre si os contidos informativos e a forma de expor.

<b>Avaliación</b>		
	Description	Qualification
Presentacións/exposicións	Cada estudante traballará un texto clásico da materia que terá que expor publicamente.	25
Resolución de problemas e/ou exercicios	Valórase a calidade das respostas aos exercicios propostos	25
Probas de tipo test	Cuestionario de preguntas de resposta múltiple.	50

### **Other comments on the Evaluation**

Os estudantes están obrigados a asistir polo menos ao 80% das clases no caso de acollerse a avaliación continua. Se algún motivo xustifico impídelle a asistencia regular, deberán advertilo no seu momento ao responsable da materia. Neste último caso, procederase a unha avaliación mediante unha proba única final (antes de concluír o cuadrimestre). Igualmente, quen siga o proceso de avaliación continua e non chegue ao aprobado coas notas de clase, deberá presentarse á 2ª convocatoria na que se avaliará mediante proba presencial da totalidade dos contidos do programa na data prevista pola Facultade.

### **Bibliografía. Fontes de información**

Claude Lévi-Strauss, [Criterios científicos en las disciplinas sociales y humanas], en: Claude Lévi-Strauss, *Antropología estructural. Mito. Sociedad. Humanidades*, Siglo XXI, México-Madrid 2009.

#### 8.2 Bibliografía secundaria.

- Gadamer, H.G. *Verdad y método*, Ediciones Sígueme, Salamanca, 1998.
- Gómez Rodríguez, Amparo. *Filosofía y metodología de las ciencias sociales*, Alianza Editorial, Madrid 2003.
- Th. S. Kuhn, *La estructura de las revoluciones científicas*, Fondo de Cultura Económica, México 1975
- Mosterín, Jesús. *Conceptos y teorías en la ciencia*. Alianza Editorial, Madrid 2000.
- Von Wright, C.H. *Explicación y comprensión*, Alianza Editorial, Madrid 1980.
- *La [objetividad] del conocimiento en la ciencia social y en la política social*, Alianza Editorial, Madrid 2009.



**IDENTIFYING DATA****Literatura: Introducción aos estudos literarios**

Subject	Literatura: Introdución aos estudos literarios			
Code	V01G400V01104			
Study programme	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Basic education	1	1c
Teaching language				
Department	Filoloxía galega e latina Literatura española e teoría da literatura			
Coordinator	Chas Aguión, Antonio Navaza Blanco, Gonzalo			
Lecturers	Chas Aguión, Antonio Ferradás Carballo, Cristina Navaza Blanco, Gonzalo			
E-mail	achas@uvigo.es gnavaza@uvigo.es			
Web				
General description	Materia introdutoria aos estudos literarios na que se ofrece ao alumnado información relativa tanto ás fontes para o seu estudo, ás vías da súa difusión ou aos instrumentos para a realización de traballos de carácter literario.			

**Competencias de titulación**

Code	
A3	Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa.
A9	Coñecemento de retórica e estilística.
B2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
B8	Capacidade de análise e síntese.
B9	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
B10	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

**Competencias de materia**

Expected results from this subject	Training and Learning Results	
Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa.	A3	B2
Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria.	A9	B9 B10
Coñecemento de retórica e estilística	A9	B8 B9 B10

**Contidos**

Topic	
1. A obra literaria e as fontes para o seu estudo.	1.1. Fontes primarias. Edicións e antoloxías. 1.2. Fontes secundarias. 1.3. Fontes dixitalizadas.
2. A obra literaria e as súas vías de difusión.	2.1. A vía oral 2.2. A vía escrita: manuscritos e impresos 2.3. A vía dixital
3. Bibliotecas.	3.1. Bibliotecas físicas e dixitais. 3.2. Catálogos e procedementos de busca. Título, Materia, Autor. Uso de operadores booleanos. 3.3. Bibliotecas, arquivos, fondos de documentación e bases de datos relativos ás literaturas galega, española e portuguesa.
4. Os estudos literarios. Aspectos formais dun traballo académico.	4.1 O traballo académico nos estudos literarios. 4.2. Convencións formais. Nocións de tipografía e ortotipografía. 4.3. As [ ]Normas de presentación de orixinais[ ]. 4.4. Cita, referencia bibliográfica, bibliografía, resumo, palabras clave. Uso das notas. 4.5. Particularidades da edición dixital. Hipertexto e enlaces.

**Planificación**

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Sesión maxistral	18	18	36
Traballos de aula	8	6	14
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	2	4
Titoría en grupo	2	0	2
Actividades introductorias	4	0	4
Traballos tutelados	18	18	36
Probas de resposta curta	0	20	20
Observación sistemática	0	10	10
Traballos e proxectos	0	24	24

\*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

### Metodoloxía docente

	Description
Sesión maxistral	Nas clases teóricas presentaremos ao alumnado cada un dos temas de xeito organizado, proporcionándolle a bibliografía precisa e un guión cos principais temas e subtemas. No caso do réxime semipresencial, o alumnado disporá na plataforma de ensino virtual Faitic dos materiais necesarios para avanzar en cada unidade temática.
Traballos de aula	Complemento das sesións maxistras, nas horas prácticas serán expostos os conceptos teóricos a un grupo máis reducido do alumnado. Para o seu desenvolvemento, será preciso non so a aula como punto de encontro, senon tamén a biblioteca, onde o alumnado poderá por en práctica os coñecementos adquiridos. O alumnado de carácter semipresencial disporá tamén na plataforma de ensino virtual Faitic dos materiais necesarios para avanzar en cada unidade temática.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Está prevista a visita dun/ha especialista na materia que pronunciará unha conferencia, en espacio reservado ás horas presenciais, sobre un dos contidos do programa, e da que o alumnado de matrícula presencial deberá facer un traballo resumo dos principais contidos.
Titoría en grupo	Horas de asistencia obrigatoria para todo o alumnado, fixadas no horario oficial, nas que se aclararán cuestións e se resolverán dúbidas previas ao exame ou á entrega dos traballos. O alumnado do réxime semipresencial cumprirá coas esixencias deste tipo de matrícula en canto ao número de titorías obrigatorias: dúas, ademais doutras que acorde co profesorado da materia.
Actividades introductorias	Nas primeiras horas de docencia presencial das dúas partes está prevista unha sesión informativa a todo o alumnado para expor a organización da materia. Nesta sesión, quedará exposta a metodoloxía, anticipando e aclarando as cuestións relativas ao desenvolvemento do curso. No caso de alumnado acollido á matrícula semipresencial a asistencia ás primeiras dúas horas de actividades introductorias será de carácter obrigatorio, segundo recolle a normativa vixente para este tipo de réxime.
Traballos tutelados	Cada alumno deberá presentar un traballo seguindo as pautas expostas na segunda parte do curso. Ademais das instrucións recibidas na aula, poderá asesorarse sobre particularidades do seu traballo nas horas de titoría. Tamén o alumnado acollido ao réxime de semipresencialidade disporá da información precisa para realizar estes traballos.

### Atención personalizada

Methodologies	Description
Traballos de aula	Tanto nas horas introductorias como nas que se dedican ás tutorías en grupo, ambas as dúas en horario presencial, exporemos ao alumnado a metodoloxía da materia, así coma o seu seguimento e os procedementos de avaliación de cada un dos apartados que constan na guía.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Tanto nas horas introductorias como nas que se dedican ás tutorías en grupo, ambas as dúas en horario presencial, exporemos ao alumnado a metodoloxía da materia, así coma o seu seguimento e os procedementos de avaliación de cada un dos apartados que constan na guía.
Traballos tutelados	Tanto nas horas introductorias como nas que se dedican ás tutorías en grupo, ambas as dúas en horario presencial, exporemos ao alumnado a metodoloxía da materia, así coma o seu seguimento e os procedementos de avaliación de cada un dos apartados que constan na guía.
Tests	Description
Traballos e proxectos	Tanto nas horas introductorias como nas que se dedican ás tutorías en grupo, ambas as dúas en horario presencial, exporemos ao alumnado a metodoloxía da materia, así coma o seu seguimento e os procedementos de avaliación de cada un dos apartados que constan na guía.

### Avaliación

	Description	Qualification
Traballos tutelados	A segunda parte do curso está encamiñada á realización dun traballo de acordo coas normas de presentación de orixinais dunha publicación periódica. Un 10% da cualificación final valorará a actividade na aula, nas titorías e durante o proceso de elaboración do traballo.	10

Probas de resposta curta	A avaliación dos dous primeiros temas dos contidos expostos nesta guía, correspondentes á primeira metade da materia, faráse mediante un exame no que o alumnado deberá contestar a preguntas sobre os principais conceptos expostos. Será preciso aprobar dito exame para superar a avaliación, e contará un 40 % da calificación final.	40
Observación sistemática	A asistencia regular tanto ás sesións maxistras como ás clases prácticas suporán para o alumnado un 10% da calificación final da materia.	10
Traballos e proxectos	O traballo escrito tutelado contará un 40% na cualificación final.	40

### Other comments on the Evaluation

Posto que esta materia está estruturada en dúas partes ben diferenciadas, o período de traballo persoal sen docencia marcará o cambio dunha á outra. Á primeira corresponden os dous primeiros temas, en tanto que á segunda os outros dous expostos no apartado de contidos.

Para obter calificación positiva, o alumnado terá que superar ambas partes da materia. Para a primeira, haberá un exame, que terá lugar **o día 3 de novembro**, no horario oficial da materia, á volta do período autónomo de traballo sen docencia do primeiro cuadrimestre, en tanto que para a segunda se pedirá un traballo escrito.

Os alumnos non presenciais terán que cumprir coas mesmas condicións de avaliación que o alumnado que opte pola avaliación continua.

Quen non obteña unha calificación positiva nesta primeira convocatoria deberá presentarse ao exame de xullo na data fixada oficialmente.

### Bibliografía. Fontes de información

- Estébanez Calderón, D., *Diccionario de términos literarios*, Madrid, Alianza, 1999.  
 Lapesa, R., *Introducción a los estudios literarios*, Madrid, Cátedra, 2004 (18ª ed.).  
 Maurice Delcroix, F. Hallyn, *Introduction aux études littéraires*, Paris, Beboeck, 1987.  
 Penas, E., *Perspectivas críticas para la edición de textos de literatura española*, Santiago, Universidad de Santiago, 2013.  
 Pérez Priego, M. A., *Introducción general a la edición del texto literario*, Madrid, Uned, 2001.  
 Platas Tasende, A., *Diccionario de términos literarios*, Madrid, Espasa-Calpe, 2011.

### Recomendacións

**IDENTIFYING DATA****Idioma moderno: Lingua portuguesa I**

Subject	Idioma moderno: Lingua portuguesa I			
Code	V01G400V01105			
Study programme	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Basic education	1	1c
Teaching language	Outros			
Department	Filoloxía galega e latina			
Coordinator	Arias Freijedo, José Benito			
Lecturers	Arias Freijedo, José Benito Baltrusch, Burghard			
E-mail	freixedo@uvigo.es			
Web				
General description	Nesta materia trátase de adquirir coñecementos básicos de lingua portuguesa (en comprensión e expresión oral e escrita) e coñecementos básicos sobre os países de lingua oficial portuguesa e as súas culturas (correspondentes ao nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas).			

**Competencias de titulación**

Code	
A1	Perfecto dominio instrumental das linguas galega, española e portuguesa.
A2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
A18	Coñecemento teórico e práctico da fonética e fonoloxía do galego/español/portugués.
A20	Coñecemento da situación sociolingüística da lingua portuguesa.
B1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
B5	Apreciación da diversidade e a multiculturalidade.
B6	Habilidade para traballar de forma autónoma.
B11	Capacidade para elaborar textos orais e escritos de diferente tipo.
B12	Capacidade para localizar, manexar e aproveitar a información contida en bases de datos e outros instrumentos informáticos e internet.

**Competencias de materia**

Expected results from this subject	Training and Learning Results	
Dominio instrumental da lingua portuguesa correspondente ao nivel A2.	A1 A2	B1
Coñecemento da gramática da lingua portuguesa correspondente ao nivel A2.	A1 A2	B1 B11
Coñecemento teórico e práctico da fonética e fonoloxía do portugués correspondente ao nivel A2.	A1 A2 A18	B1
Coñecemento da situación sociolingüística da lingua portuguesa.	A20	
Apreciación da diversidade e da multiculturalidade da lusofonía.		B5
Habilidade para traballar de forma autónoma con manuais, dicionarios e enciclopedias en lingua portuguesa.		B6
Capacidade para elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua portuguesa correspondentes ao nivel A2.		B11
Capacidade para localizar, manexar e aproveitar a información en lingua portuguesa contida en bases de datos e outros instrumentos informáticos e internet.		B12

**Contidos**

Topic	
Contidos de fonética	Elementos de fonética e fonoloxía das variantes europea e brasileira da lingua portuguesa, correspondentes ao nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.
Contidos gramaticais	Elementos gramaticais correspondentes ao nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: Ortografía; verbo (indicativo e tempos mais usuais do subxuntivo); substantivo; adxectivo; artigo; determinantes; plural; xénero; pronomes; preposicións e contraccións; etc.

Contidos léxico-semánticos

Elementos léxicais e semánticos correspondentes ao nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas:  
